

Addenda á Programación Xeografía e Historia

CPI P. Antonio Orza Couto

Curso 2021-2022

▪ **AVALIACIÓN FINAL**

Conforme á publicación da ORDE do 25 de xaneiro de 2022, segundo a cal actualízase a normativa de avaliación e promoción dos estudos de primaria, secundaria e bacharelato, o Departamento de Xeografía e Historia do CPI P. Antonio Orza Couto modifica a avaliación final, que queda como segue:

• **Alumnado que debe recuperar a materia:**

- Un alumno/a debe recuperar a materia no período da “Avaliación Final” se, a esa altura, ten **unha ou varias avaliacións suspensas**. Tal e como está recollido na programación en vigor, o alumno/a non pode aprobar a materia de Xeografía e Historia se ten un ou varios trimestres suspensos.
- Dado que se suprime o concepto de “avaliación ordinaria/extraordinaria”, o alumnado da materia terá a posibilidade de **recuperar o trimestre ou trimestres suspensos** na chamada “Avaliación Final”, que terá lugar entre os días 8 e 22 de xuño.
- Dita recuperación farase por medio dun **exame**, no que se incluírán contidos do trimestre ou trimestres que o alumno/a teña suspensos. Para superar dito exame, o alumno/a debe acadar un **5 sobre 10**. De non ser así, enténdese que o alumno/a non superou a materia na “avaliación final” e, polo tanto, esta quedará suspensa e terá que ser recuperada como pendente no curso seguinte.
- A media da Avaliación Final será a media aritmética das avaliacións do curso.

• **Alumnado que desexa subir nota:**

- Con carácter optativo e voluntario, o alumnado que non estea conforme coa nota da súa media final tal e como quedaría a día 8 de xuño, poderá **examinarse para subir dita media**.

- Para iso, realizará un **exame** sobre os contidos do trimestre no que teña unha nota máis baixa.
- A súa nova media será recalculada coa nota obtida en dito exame, sempre e cando esta non sexa máis baixa que a nota anterior. Neste caso, simplemente non se subirá nota e farase a media coa nota xa existente.

María Fírvida Fernández
Xefa de Dpto. Xeografía e Historia